

Obradoiro: LÁNZATE A EMPRENDER EN COOPERATIVA | AVANZADO ED. V

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 15 de xuño ao 14 de xullo	DURACIÓN	40 horas
HORARIO	Celebraranse tres sesións virtuais de aprendizaxe os días 16 de xuño e 14 de xullo de 11:00 a 12:30hs e o 30 de xuño de 15:00 a 16:30 horas. O horario de titoría será os luns e mércores de 15:00 a 16:30 e martes, xoves e venres de 11:00 a 12:30hs.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á cidadanía e en especial ás persoas desempregadas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer a experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

PROGRAMA E CONTIDOS

1. Presentación
 - 1.1 Coñece ás cooperativas:
 - 1.2 Coñece a Economía Social
 - 1.3 O Emprendemento
2. Como se traballa nunha cooperativa. Condicións básicas.
 - 2.1 Que é unha cooperativa
 - 2.2 Diferencias das cooperativas con outros modelos empresariais
3. Organización cooperativa
 - 3.1 Organigrama Cooperativo
 - 3.2 Asembleas e reunións
 - 3.3 Organización Societaria e do traballo
 - 3.4 Documentación social e contable
- 4.- Experiencia cooperativa.
 - 4.1 Pasos constitución
 - 4.2 Recursos financeiros
 - 4.3 Experiencias motivadoras cooperativas. Diálogo con cooperativistas.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse tres sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais de aprendizaxe terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Persoas que queren coñecer a oportunidade que o cooperativismo lles brinda como forma de acceder ao mercado de traballo a través do autemprego; persoas que buscan outra forma de traballar; alumnado de obradoiros de emprego, escolas obradoiros e últimos ciclos formativos na búsqueda de posibilidades laborais. Persoas interesadas en coñecer mais polo miúdo a fórmula cooperativa.

Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2021 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social. Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT 8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.